

Selo dedicado á descuberta da illa Santa Helena, levada a cabo por Juan de Novoa. ▶

campo de ouro, un castelo de goles. Vicente de Cadenas y Vicent, en *Repertorio de blasones de la comunidad hispánica*, apunta tamén: en campo de goles, cinco escaques de prata; en campo de azur, cinco caldeiras de ouro postas en faixa e, tamén en campo de azur, unha torre de prata con dúas bandeiras entre as súas ameas. Por outra parte, na enciclopedia de García Carraffa descríbese así mesmo un escudo partido: primeiro, en campo de ouro, unha torre de pedra e segundo, en campo de prata, unha aguiña de sable á esquerda dun león rampante de goles. Tamén recolle un escudo partido: primeiro, en campo de prata, unha aguiña de sable e segundo, en campo de goles, un castelo de prata con tres torres.

(Eduardo Seijas Vázquez)

▶ **NOVOA, Juan de.** Navegante vencellado á casa nobiliaria de Maceda (Ourense), nacido a mediados do século XV.

Foi un dos protagonistas da conquista portuguesa das Indias orientais. *João da Nova. Un mariño galego ao servizo da coroa de Portugal* (2002) é a investigación bibliográfica máis recente e mellor documentada que sobre a súa vida e o seu labor hai publicada. O seu autor, o historiador Santiago Prol (Maceda, 1960), mantén nestas páxinas que Novoa pola súa condición de extranxeiro para algúns, viuse desprazado, alén do círculo real, por mariños como Francisco de Almeida [...] e pouco despois por Afonso de Albuquerque, sendo esta tamén a causa probable de que non fose estudia- do na dimensión que o personaxe requiría no seu contexto.

Juan de Novoa é unha das múltiples formas nas que apareceu grafado, ó longo dos séculos, o nome deste ourensán que, igual ca outros nobres galegos, fuxiu ó país veciño ante a conquista dos



Reis Católicos. Unha vez alí alistouse na Mariña lusa, coa que participou activamente en expedicións realizadas no Atlántico e converteuse en membro da garda real de Xoán II. En 1496 (un ano despois de que don Manuel I sucedese no trono o devandito monarca) foi nomeado alcaide de Lisboa, un cargo político e administrativo de gran relevancia que lle outorgaba xurisdición sobre a garda e defensa do castelo de San Xurxo e que o colocaba nunha posición estratéxica para manter contacto cos numerosos financeiros que chegaban á cidade, convertida por entón nun mercado internacional de redistribución de produtos.

Tralas viaxes realizadas por Vasco da Gama —que descubriuna nova ruta marítima ata a India circunnavegando África— e Álvares Cabral, a finais do século XV, en 1501 foi o mariño galego quen capitaneou a terceira expedición portuguesa cara a esas terras, ó mando dunha frota de catro carabelas nas que durante moito tempo se pensou que ía tamén, como subordinado de Novoa, o cosmógrafo florentino Amerigo Vespucci. Segundo Santiago Prol, esta hipótese hoxe rexéitase contundentemente.

Algunhas crónicas da época sinalan que o navegante ourensán descubriu a illa Ascensión na súa viaxe cara á India e, na de regreso a Lisboa, a estratéxica Santa Helena (1502). Durante a mesma expedición, nunha incursión realizada polo canal de Mozambique, atopou outra illa ó noroeste de San Lourenzo (Madagascar), que bautizou co seu nome. Prol menciona tamén que, aínda que nunca fose revelado polos poderes portugueses, a prestixiosa historiadora francesa Geneviève Bouchon (en *Revista da Universidade de Coimbra*, volume XXVIII) incide na posibilidade de que na mesma travesía o mariño dera tamén coa illa



Retrato de Juan de Novoa, nun gravado en madeira de Francisco Pastor.

Taprobana (máis tarde Ceilán e hoxe Sri Lanka).

No ano 1505 e despois de que Portugal realizara tres novas expedicións á India, Francisco de Almeida (que ía ocupa-lo cargo de vicerrei) partiu cunha escuadra de aproximadamente vinte navíos, unha expedición da que tamén formaba parte o galego, que ía ó mando da nao Frol de la Mar, buque insignia da Mariña lusa. Novoa e Almeida construíron daquela fortalezas en Kilwa (na actual Tanzania) e conquistaron Mombasa (en Quenia). Non obstante, unha serie de decisións tomadas polo vicerrei para favorecer-lo seu fillo en detrimento de Novoa fixeron que o mariño galego partira cara a Lisboa, onde non chegaría por un imprevisto no camiño. Na illa de Pemba atopouse coa expedición de Tristão da Cunha (amigo persoal e profesional de Novoa) por Mozambique e ámbolos dous, con Afonso de Albuquerque, conquistaron en 1507 a illa de Socotora. Ó ano seguinte volveu á India e acompañou a Almeida, cunha potente armada, a Diu, na India, coa intención de vinga-la morte de Lorenzo de Almeida, fillo do vicerrei. A intervención do galego foi decisiva para derrotar na batalla naval de Diu (1509) unha coalición de exipcios, turcos e indios, feito que lle deu a Portugal unha efémera hexemonía no Índico. É a finais dese mesmo ano, ou xa en 1510, onde hai que sitúa-la data de morte de Novoa, tras unha longa enfermidade, en Cochín (Kerala, India).

NÓVOA, Leopoldo. Xunto con Seoane, Colmeiro e outros, Leopoldo Nóvoa é un dos representantes da gran pintura galega da emigración. Dende o seu nacemento (Salcedo -Pontevedra-, 1919) realizou un periplo que tivo como destinos principais Montevideo (Uruguai), Bos Aires (Arxentina) e París (Francia), cidade na que reside actualmente, ó tempo que pasa longas tempadas no seu estudo da Armenteira (Meis). Esta constante migratoria incidíu de forma decisiva tanto na súa formación coma na súa obra.

Con sete anos realizou a súa primeira viaxe a América e tres anos despois regresou a Galicia. Ó sobrevi-la Guerra Civil trasladouse ó Porto (Portugal) coa súa familia, xa que o seu pai -daquela era cónsul do Uruguai- fora expulsado de España e, en 1938, emigrou ó país uruguiaio. Alí comezou a traballar na industria da cerámica, fundou a revista *Apex*, publicou diversos contos e entrou en contacto con Juan Carlos Onetti e Joaquín Torres García, cos que traballou en estreita relación. En 1947 instalouse en Bos Aires, onde coñeceu a Luis Seoane; coa axuda del realizou a que sería a súa primeira exposición individual na galería Velázquez (1953). Por esta época colaborou na publicación *Galicia Emigrante*, confeccionou o cartel para o I Congreso



Gris a franja roja y conjunto de pinchos, de Leopoldo Nóvoa. Museo de Vigo Quiñones de León

da Emigración Galega (1956) e foi seleccionado para a primeira mostra de pintura arxentina arredor do mundo. En 1957 regresou a Montevideo e dedicouse ó xornalismo na especialidade de debuxo político. Nesta cidade estivo ata que en 1965 se instalou definitivamente en París. As exposicións individuais realizadas en Vigo e na Coruña a mediados dos 70 (pero sobre todo a da galería coruñesa Mestre Mateo de 1977) foron decisivas para dar a coñece-lo seu traballo en Galicia.

Tódolos intérpretes da súa obra coinciden en sinalar varias características, entre as que sobresa a súa capacidade de síntese, a preocupación constante pola materia, o protagonismo do espazo e da luz e a súa transparencia, profundidade e perfección. O primeiro que se observa nela é a presenza de materiais que pouco ou nada teñen que ver -en canto á súa

selección, proceso, tratamento e resultados- cos que tradicionalmente usou a arte. A especulación sobre a materia chega a borrar toda posible fronteira entre a pintura e a escultura, dotando de relevos as superficies planas.

Os seus comezos pictóricos, a principios dos 50, estiveron a cabalo entre a figuración galega e a hispanoamericana, con influencias de pintores como Torres García e Luis Seoane, ós que estivo ligado vitalmente. Non obstante, pronto abandonou a pintura figurativa para iniciarse na grande aventura do momento, a abstracción. A primeira etapa nesta nova linguaxe desembocou na creación do mural do estadio do Club Atlético Cerro (Montevideo), realizado entre 1962 e 1964 e que foi a súa obra cume do momento. Nel empregou exclusivamente materiais de desfeito, escouras de fundición, chatarras, cerámicas requema-